

Autorización para o uso de fotografías, vídeos e datos do alumnado

Don/a _____

con D.N.I. _____ autorizo ó C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño e ó profesorado do mesmo, a empregar imaxes , vídeos e datos do meu fillo/a _____, alumno/a do centro, así como outro tipo de datos, nos seguintes servizos e plataformas, para seren usados con finalidade estritamente educativa. A tal fin risco aqueles casos nos que dou a miña autorización durante o curso escolar correspondente a data da sinatura:

Autorizo a que se usen **imaxes e fotografías do meu fillo/a** na páxina web do Centro accesible en internet no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho> de actividades que se leven a cabo ó longo do curso (celebracións, actuacións, murais, traballos, exposicións...). A web do centro atópase albergada no servidor da Consellería de Educación.

Autorizo a que se usen **vídeos do meu fillo/a** na páxina web do Centro accesible en internet no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho> de actividades que se leven a cabo ó longo do curso (celebracións, actuacións, murais, traballos, exposicións...). A web do centro atópase albergada no servidor da Consellería de Educación.

Autorizo a que se usen **datos, imaxes e fotografías do meu fillo/a** en aplicacións educativas empregadas polo profesorado con finalidade única e exclusivamente educativa na aula, que en ningún caso serán accesibles de forma pública.

Autorizo a que se **almacenen os datos persoais imprescindibles para a práctica docente, fotografías e vídeos**, do meu fillo/a, **en soportes de almacenamento tanto dixital como en papel** con finalidade educativa; por parte do profesorado en soportes de carácter privado, coas medidas de seguridade necesarias (pendrives, cámaras de foto e outros soportes dixitais)

Autorizo a que se poidan remitir as familias en soporte físico (CD, DVD ou análogo) arquivos de imaxes, fotografías e vídeos das actividades levadas a cabo na aula, nas que apareza o meu fillo/a xunto cos compañeiros/as.

Entendo asemade, que podo retirar esta autorización, para calquera dos servizos, en calquera momento, comunicándoo por escrito á Dirección do Centro.

Esta autorización elabórase en cumprimento da lexislación vixente ó respecto, en especial do *Protocolo integral de protección de datos e identidade dixital* da Consellería de Educación, dentro de estratexia educonvives.gal, e ao amparo da *Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais*, así como da normativa posterior que a desenvolve.

A tal fin asino a presente autorización.

En Campo Lameiro a ____ de _____ de 20__

Asinado:

D/Da: _____

Pai/nai - titor/a legal do alumno/a.